

Equipo TIC – club tic

Convocatoria (criterios de selección)

- Curso 2022 – 2023: alumnado ESO (alumnado de Bach voluntario ou que solicite participar)
- Curso 2023-2024: alumnado ESO (alumnado de Bach voluntario ou que solicite participar)
- Curso: 2024- 2025: alumnado ESO e Bach

Dende a coordinación Plan Dixital de Centro e o grupo de traballo de Polos Creativos convócase ao alumnado do IES Félix Muriel de Rianxo a participar no Clube TIC que se porá en marcha no vixente curso e terá continuidade nos vindeiros anos académicos.

Obxectivos

O obxectivo deste club será o de colaborar na dinamización das competencias dixitais a partir da aprendizaxe e participación en diferentes iniciativas que se poidan desenvolver no centro promovidas dende o propio “club TIC” como por calquera outro proxecto didáctico que teña entre outras finalidades reforzar ou afondar nestas aprendizaxes.

Quen

O club estará formado, en principio, por un equipo de 20 alumnas e alumnos así como polo profesorado participante. Co tempo poderase abrir o club á participación de máis alumnado que queira facelo de maneira puntual nalgunha das propostas concretas que se podan ir presentando ou desenvolvendo no futuro.

Criterios de selección:

Os criterios de selección serán os seguintes:

1. Orde estrita de chegada da solicitude para formar parte do Club TIC
2. Non ter partes de conduta
3. Valoración final da comisión do equipos polos creativos.

A estrutura dos integrantes seguirá este modelo sempre e cando haxa o nº de participantes que permita facelo. No caso contrario poderase modificar e ampliar os grupos segundo as necesidades.

8	4	4	4
---	---	---	---

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
--------	--------	--------	--------

Crearase tamén un listado de equipo reserva de persoas interesadas na participación no club de maneira que sexan as primeiras e entrar a formar parte do mesmo, que podan substituír ao alumnado integrante ou participar en actividades puntuais programadas que requiran da súa colaboración.

Definir obxectivos/funcionamento

- Compromiso de cumprimento de protocolos de uso e funcionamento da aula polos
- Formación de mentores, alumnado que colabore na aprendizaxe das destrezas dixitais do resto de comunidade educativa do centro.
- Participación en proxectos propios do club como en calquera outro que requira da súa colaboración: (Rapazas TIC – Plan Proxecta)
- Creación de contidos
- Colaboración con outros proxectos do centro: Igualdade, Monte Vivo, Normalización, Polos Creativos ou calquera outro proxecto de aula.
- Fomentar as boas prácticas no uso de ferramentas e aprendizaxes en contornas dixitais

Actuacións iniciais

- Darlle nome ao club
- Crear logo e cartelería de aula polos
- Establecemento de normas de conduta (NOF) no espazo polos (Decálogo de bo uso, selección de formatos etc)
- Inventariar e etiquetar material e ferramentas da Aula Polos
- Aprendizaxe no emprego do material da Aula Polos
- Creación de produtos e colaboración con proxectos
- Formación de mentores TIC – recreos
- Presentación dixital do centro (Genially, Canva, Vídeos, audios etc)

Tempo de uso

Os recreos (poderase compartir os espazo durante o recreo con outro grupo de alumnado sempre que veña acompañado dun profesor/a e solicitado o uso do espazo previamente)

Poderanse tamén programar reunións de traballo ou actividades fóra do horario lectivo para o desenvolvemento de actividades concretas, se ben neste caso deberá ser algo relativamente excepcional.

Espazo

O espazo de referencia será a aula de usos múltiples ou Polos Creativos sen renunciar ao uso doutros dos que dispón o centro para desenvolver as propostas didácticas que se acorden no club.

Solicitud para participar

.....(nome e apelidos)....., alumno/a de(Curso).....

solicito participar no club Tic do IES Félix Muriel.

Rianxo, A Coruña, a de de 2023

Sinatura

Autorización das familias

Don/apai/nai ou titor/a

de, alumnno/a de

autorizo ao meu fillo/a a participar do Club Tic no IES Félix Muriel e nas actividades que se programen e desenvolvan no mesmo.

Rianxo, A Coruña, a de de 2023

Sinatura

PRESENTACIÓN

Club Polos Creativos

Curso 2022-2023: 12 integrantes

Vídeo promoción e convocatoria de reunión

<https://view.genial.ly/64416e423d8eb20018f686af>

Presentación do Club Polos Creativos:

<https://view.genial.ly/643f1a91388f1200142d012f>

Memoria de uso Polos Creativos	
Horas de uso do espazo	(escribe o número de sesións/horas empregadas no espazo ou cos materiais de polos creativos)
Material empregado	(indica que espazos ou materiais de polos foron empregados: maker, audiovisual, realidade virtual , taller de ferramentas)
Grao de satisfacción da experiencia	(indica o grao de satisfacción da experiencia didáctica mediante o aproveitamento do espazo e recursos de Polos Creativos)
Evidencia de traballo realizado	(engade unha imaxe ou link como evidencia do produto)
Aspectos de mellora	(escribe aqueles aspectos a mellorar en futuros traballos no espazo e cos recursos de Polos Creativos)